

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº26/ Ano: 2021 / 1º xornal Mes de marzo/ Estado de vacunación

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com


ONS, UNHA ILLA AGRÍCOLA-MARIÑEIRA (II)

Seguindo co tema do número anterior en referencia a que a Xunta planeaba rehabilitar 2000 casas no rural, sigo dando ideas sobre o que se pode facer en Ons para evitar o despoboamento invernal. Na anterior expuña o tema agrícola e neste o tema mariñeiro que axudaría a un turismo máis responsable e en consonancia co medio, co único obxectivo de protexelo. **Páx. 1**



HemerONSteca UNHA NOVA SANTA COMPAÑA

Din que coa chegada da luz desapareceu a Compañía de Ons, pero non, só cambiou, agora vén con nova vestimenta, cometido e axexa máis de día. **Páx. 3.**



ESTANISLAO FERNÁNDEZ DE LA CIGONA NÚÑEZ

LIBROS-de-ONS “Illas de Ons e Sálvora”

Este libro de Estanislao F. de la Cigona, veu a luz no ano 1989. Foi o primeiro libro que falaba de case todas as peculiaridades de Ons e tivo un enorme éxito, sendo referencia para moitos investigadores sucesivos. **Páx. 3**

Foto: Contraportada do libro

CENTRO DE VISITANTES (V)


O SEU FUNCIONAMENTO: CAMBIOS e RELAX

Nesta entrega fago unha reflexión sobre os cambios que se produciron neste Centro a medida que ían pasando os anos, cambios que deberían ir a mellor e que, sen embargo, non foi así, sendo necesario unha revisión e posta ao día para non perder o seu obxectivo. **Páx. 4**

OS MAPAS DE RUTAS NOS FOLLETOS E LIBROS SOBRE A ILLA DE ONS (III)

A partir de 1996 todos os negocios da Illa e os barcos de pasaxe realizan o seu folleto con explicacións sobre as características illáns, contando cun mapa coas rutas a realizar.

Foto: Sacada do libro “Illa de Ons, Privilegio de la Naturaleza”, nel atopamos varias rutas a realizar por Ons e vemos por primeira vez, con frechas, a Ruta do Castelo da Rueda. **Páx. 2.**



ONS NA MEMORIA

Desta traio unha foto da visita que realizamos ao Faro de Ons (1993) en compañía de Dolores Riobó, sobriña de Didio Riobó, último “dono” da Illa, e o matrimonio de escritores: Lauro Olmo e Pilar Enciso. **Páx. 2**

Foto: Dolores Riobó



OUTROS TEMAS

- Visita á Illa finais de febreiro.
- Curiosidades: Panfleto, aparecido no ano 2000.
- Salgadoiro de Suxestións: sobre o Centro de Visitantes.
- Arqueoloxía submarina III
- Catedral Gastronómica: “Chamisa ao forno”



ONS, UNHA ILLA AGRÍCOLA-MARIÑEIRA (II)

Na anterior entrega, Onstopus nº 25, trataba o tema da posibilidade de dotar aos veciños de medios mecánicos e axuda técnica para realizar labores agrícolas e así fomentar a volta ás súas raíces á vez de axudar ao mantemento ecolóxico-ambiental da Illa e atraer a un turismo agrícola-mariñeiro que axudará a fomentar un turismo activo e respectuoso co medio. Ao mesmo tempo, e tal como vén facendo PineirÓns nos Informes que anualmente envían á Consellería, tamén demos ideas para que, a carón do tema agrícola, tamén se poida practicar unha actividade etnográfico-mariñeira, onde os visitantes poidan realizar labores mariñeiros co obxectivo de coñecer a realidade histórico-etnográfica que viviron os habitantes da Illa noutros tempos en relación coa pesca, sobre todo, do polbo.

A idea (que está explicada abaixo segundo o que mandou PineirÓns á Consellería hai anos e que, loxicamente, pode mellorarse), e ir cara a un turismo agrícola-mariñeiro, onde, as casas que se adhiran, acollerían turistas que poderían axudar aos labores agrícolas e, á vez, terían a oportunidade de realizar actividades relacionadas coa pesca onde poderían participar toda a familia e coñecer as diferentes artes tradicionais de pesca que se desenvolvían en Ons, á vez de coñecer e navegar na súa típica embarcación, a dorna.

Coido que, con ganas (por outra banda cousa difícil na administración), sería doado dispoñer de dornas para levalo a cabo, xa que hai, entre as rías de Pontevedra e Arousa, un bo número de Asociacións de Embarcacións Tradicionais que, con axudas económicas, poderían ser as encargadas de realizar as actividades de vela, remo e didácticas aos visitantes. Por outra banda, os mariñeiros illáns xubilados, poderían ensinar e practicar as artes tradicionais de pesca do polbo, podendo despois, devolver o polbo ao mar.



7.3.- Embarcacións tradicionais e pesca deportiva responsable. acordos entre parques – consellería do mar – veciños – e asociacións de embarcacións tradicionais.

A Illa de Ons ten unha tradición pesqueira dende hai século e medio. A pesca do polbo, da faneca, do congro,..., forma parte da Pesca Tradicional desta Illa e a ela vai ligada unha gastronomía popular única que se realizaba en todas as casas illáns e nela, aínda que eran as nais as que levaban esa responsabilidade, tamén participaban os pequenos e nalgúns casos os homes.

Á vez, ligado ás faenas do mar, temos unha embarcación tradicional, A Dorna, e unhas artes e aparellos, en especial, para a pesca do polbo e do congro, que pouco a pouco foron desaparecendo e que hoxe constitúen xa verdadeiras pezas de museo.

Sería interesantísimo que se promocionara unha pesca deportiva unida á navegación a vela e a remo nas dornas. Unha gastronomía nas casas vacacionais illáns baseada na cociña tradicional da Illa en particular e galega en xeral. A idea que prantexamos sería a seguinte:

Ons, como Illa habitada e pertencente a un Parque Nacional, vai promocionar o Turismo Mariñeiro e Gastronómico nas casas illáns cos propios veciños.

Para iso haberá que poñerse en contacto cos mariñeiros que posúan dorna ou con algunhas das numerosas asociacións de embarcacións tradicionais que hai nos arredores, concretamente podería ser coa asociación os Galos de Bueu.

Fariase unha programación, e a unhas horas determinadas os turistas, poderán gozar en pequenas quendas, dunha navegación a vela en dorna, da pesca do polbo coas primitivas técnicas da Raña e do Espello, coas que iran coñecendo os fondos e aprenderán a técnica do vogar cos remos cruzados da dorna. Etc. Etc. segundo a programación previa que se faga.

Dende logo, a pesca será mínima e respectuosa co medio mariño, podendo pescar só unha mínima cantidade, por exemplo en polbos, un só por persoa que vaia na dorna.

Tamén se poderá ir pescar outras especies, cun máximo establecido de, por exemplo, 1 kg por persoa e que podería estar dirixido aos rapaces. Nesta actividade podería estar implicada a Consellería do Mar, repartindo algún tipo de folleto ou unidade didáctica para que os rapaces, non só aprendan a pescar, senón a coñecer as especies, como tratalas, e como, posteriormente, preparalas para a súa alimentación. Idea interesante xa que a C. de Mar está gastando unha gran cantidade de cartos en promocionar a gastronomía do mar entre os rapaces e que mellor xeito que este para esa promoción.

Resumindo: Unha familia está nunha casa vacacional da Illa de Ons. A unha certa hora os rapaces teñen a actividade de navegación en dorna a vela, ou navegación en dorna a remo. Tamén pódese programar a actividade de pesca do polbo con Raña na que aprenderan o manexo desa arte. Se pescan, poderán coñecer esta especie, canto hai que mallalo para cociñalo sen estar duro, e despois aprenderan, xa nas súas vivendas, a cociñalo.

O mesmo pasaría coa pesca, por exemplo da faneca. Os rapaces poderían aprender a coñecer os diferentes aparellos para a pesca desta especie, logo a pescar con eles, despois, se pescan, a límpalos e por último a cociñalos nas súas casas, co que se estaría formando ao rapaz nunha alimentación adecuada e responsabilizándoo sobre a pesca responsable.

E un longo etc. de ideas a realizar sen que para elo se vexa afectado o medio mariño.






OS MAPAS DE RUTAS NOS FOLLETOS E LIBROS SOBRE A ILLA DE ONS (III)

Chega o ano 1996, e todos os negocios illáns e os barcos de pasaxe, anímanse a realizar folletos onde hai información das rutas e lugares de interese sobre a Illa.

Os mapas que insiren seguen o ritmo marcado en anteriores folletos, pero comezan a sinalar e distinguir tres rutas principais de diferentes xeitos, dando a información necesaria sobre o que poder contemplar en cada unha e así realizar unha visita máis íntegra, reflexiva e coidadosa co medio.

Chama a atención neles que xa non se sinala a zona de acampada de Melide. No ano 1995 a Consellería de Agricultura por medio da Xefatura de Medio Ambiente de Pontevedra levou a cabo o que xa tiña en mentes dende o ano 1993, que só houbera unha zona de acampada en Ons, elixindo a que xa funcionaba dende o decreto de 1984 no piñeiral de Chan da Pólvora.

Neses intres, cando xa nos íamos achegando ao ano 2002 en que a Illa de Ons pasa a ser parte integrante do primeiro Parque Nacional de Galicia, todos os negocios illáns e os barcos de pasaxe editaban o seu folleto axudando así a que os visitantes tiveran unha máis axeitada información sobre as peculiaridades da Illa e as rutas para observalas.



Arriba á esquerda: Parte frontal de dous folletos de “Cruceros Rías Baixas”
Arriba á dereita: Mapa dos folletos de “Cruceiros Rías Baixas”

Arriba á esquerda: Parte frontal do folleto de “Cruceros Isla de Ons”
Arriba á dereita: Mapa do folleto de “Cruceiros Isla de Ons”



ONS NA MEMORIA

Interesante foto que saquei polo ano 1993. Foi nunha visita que fixemos ao Faro de Ons. Nela podemos ver, de dereita a esquerda, ao poeta e dramaturgo Lauro Olmo, á súa muller a tamén escritora Pilar Enciso, logo Lola Riobó sobriña do último “propietario” da Illa Didio Riobó, ao lado da porta o fareiro Quique.

Na parte esquerda o mozo illán Camilo Reiriz e por último o peón do Faro, Fidel. Foi moi interesante o poder falar con Lola Riobó, que chegara a vivir en Ons co seu tío Didio. Ao longo de toda a xornada contounos un bo número de anécdotas e anunciounos que ían a comezar un preito para que lles devolvan a Illa.

EmerONSteca A NOVA SANTA COMPAÑA

Unha persoa dixo un día: “*Ons, nunca deixará de sorprendernos*”. E ben certo é, un dos mitos máis interesantes de Ons é o da Santa Compañía. Coidan os escépticos que coa chegada da luz á Illa a Compañía desapareceu ou, polo menos, non se mira tanto como antes. Podería ser se houbera luz na Illa as 24 horas do día, pero resulta que non a hai e, como normalmente aparecía de noite, a partires da 1 da madrugada a escuridade volve a Ons, polo que... Pero, por outra banda, poden ter razón, (como xa comentaba no 2010). Agora a “Compañía” aparece de día e ás veces ata de noite, pero cando aínda hai luz, polo menos nos bares. Veñen en gran número, como se fosen invadir a Illa e dedícanse a tomar notas e datos, sen unha finalidade clara. Logo de atemorizar a veciños e ata visitantes, marchan. A que virán? A Compañía de antes viña dirixida por unha persoa viva que levaba a <Facha>, pero agora veñen dirixidos por forzas estrañas que (como remataba en 2010) dende despachos e con malicia, só buscan crear conflitos onde non os hai, pois, de habelos, hai algo que se chama DIÁLOGO para intentar solucionarlos, sen mandar semellante despregamento que só buscan intimidar á xente, e ese, coido, non é o cometido da nova Santa Compañía, polo menos, no continente, estou seguro que non actúan así polos mesmos encargos aos que veñen a Ons... Só espero que o dito sexa un conto ou lenda, pois todo parecido coa realidade é pura coincidencia.

Foto: recreacionhistoria.com

- BUZÓN - DO LECTOR -

Envía as túas cartas a redac.pontevedra@lavoze.es
ou á dirección
Rúa de Rosalía de Castro, 30 · 36001 Pontevedra

Ons: A nova Santa Compañía

Diciá Salustiano Portela Pazos polos anos 50 do pasado século, que a Illa de Ons era o lugar de Galicia onde máis mitos e lendas existían. Canta razón tiña, aínda hoxe ten un atractivo especial para seguir producíndoas, pero cunha singularidade, estas narracións soen ser fantásticas sen embargo en Ons convértense en realidade.

Antigamente a Santa Compañía non habitaba en Ons, viña sempre de Noalla por riba do mar e accedía á Illa pola praia de Melide. As ánimas viñan vestidas de branco e diante ía un vivo coa *facha*.

Fai un ano, os veciños de Ons viron de novo aparecer esta procesión, pero desta vez, os tempos cambiaron, viñan en barcos. Nun ía o portador da *facha*, á que agora lle chaman «papeis con orde de derrubo», e o acompañamento viña noutro, vestidos de xeito diferente, para esta ocasión escolleron o verde.

Ao igual que a mítica Santa Compañía que portaba un ataúde para deixalo á porta das casas, acordaron traer desta unhas destrutivas máquinas. Noutro, os veciños escapaban, tíñanlle medo, pero agora non, e quixeron enfrontarse, pero o *verde* acompañamento portando *candeas* disuasorias, impediullelo e o proceso destrutivo levouse a cabo. Os veciños quedaron abraizados, coidaban que esas aparicións eran cousas dos «vellos de antes», non podían dar creto ao que pasara.

Pero a historia non remataría aí, de novo, polo mes de xuño, outra aparición. Ao igual que a anterior, viñeron en barco e cun acompañamento mesturando as cores verdes e azuis. O portador da *facha* tamén a traía en forma de papel pero desta vez con «orde de rexistro». Vese que algún «malicioso coñecido», informara da posibilidade da existencia de polbo ou nécora en veda nalgunha cámara.

Por se todo iso parecera pouco, a nova Santa Compañía decidiu trasladarse aos despachos e dende eles argallar outra falcatruda co nome de «Lei de Concesións». Esta, sen embargo, ten actuación a longo prazo, 75 anos, pero as intencións son as mesmas, acabar coa historia dunha comunidade etnográfica que, pola suma de todas as súas peculiaridades, foi e é a máis importante de Galicia.


Isto non sei se será un conto, unha lenda ou verdadeiramente, haberá alguén que dende un posto de confianza e co fin de conseguir algún favor do goberno galego, está a mover os fíos da conxura contra os veciños? **Celestino Pardellas de Blas**. PONTEVEDRA.



LIBROS – de – ONS

“ILLAS DE ONS E SÁLVORA...”

Este libro de Estanislaio Fernández de la Cigoña, ten o privilexio de ser o primeiro libro que se escribiu sobre as características xerais de Ons. Corría o ano 1985 e Estanis ía a Ons periodicamente no verán para impartir charlas, sobre fauna e flora, aos integrantes dos Campos de Traballo que se levaban a cabo no arquipélago. Ese ano tamén se atopaba na Illa un grupo de investigadores do CIS (Centro de Investigacións Submarinas) e un día coincidimos nun dos bares da Illa: Estanis, os membros do CIS, Emilio Peláez (daquela traballador contratado da administración) máis eu. Os membros do CIS estaban faltos de bibliografía sobre Ons, xa que pouca había, e Peláez comentoulle que el fixera un traballo sobre os Campamentos e sabía doutros de De las Casas, Portela Pazos e Pedro de Llano. Eu informeilles duns cantos máis, dos cales non tiñan coñecemento ao estar, daquela, sen publicar. Quedei en levalos a Ons en fotocopia, e dinllos. Aí comezou a xestarse a obra. Ao ano seguinte Estanis informoume da idea de escribir un libro sobre Ons. Propúxome facelo entre os dous e que eu fixera a parte etnográfica. A verdade é que non aceptei debido a que estaba aínda en fase de recompilación de datos, era un intre clave, poucas persoas xa podían informar, e eu tiña todo moi desorganizado. O libro veu a luz e foi importante para moitos investigadores posteriores.



CENTRO DE VISITANTES (V) O SEU FUNCIONAMENTO: CAMBIOS e RELAX

Remataba o número anterior dicindo que xurdían cambios nalgúns salas. Si, sen ter claro cal é o motivo, a zona 5 dedicada á <Vida en Ons> e a 7 <Días de Festa>, transfórmanse. Na sala 5 montan unha réplica dunha aula escolar dos anos 50 s. XX, segundo parece por un convenio co Museo Pedagóxico de Galicia e na 7 acumulan os materiais que había na 5. Non chegamos a comprender o por que desa montaxe, xa que, **para nada**, ten que ver co mundo escolar que, por desgraza, padeceu a Illa de Ons; nin tan sequera, despois de montar as novas escolas (onde agora está o Centro de Visitantes) houbo unha aula e uns materiais como os expostos no Centro. As queixas dos mestres/as que intentaron dar clase na antiga escola de Canexol e ata os que despois de un par de anos da súa inauguración, na nova de Curro, sempre falaban da precariedade de material do que dispoñían. Así que montar esa aula no Centro e dicir que é: *Unha recreación da aula da antiga escola de Ons*, é case un agravio cara aos veciños que non tiveron a sorte de ter unha aula cunhas mínimas condicións e cos materiais adecuados para levar unha vida escolar minimamente digna.

Pero ben, o que manda, manda, e algún beneficio, supoño, levaría a Consellería de Medio Ambiente por este Convenio. Á vez, coidamos que sería unha cousa puntual, dun verán, e que despois volverían as salas ao seu estado inicial, ensinando a Vida e as Festas de Ons; pero non, aínda segue alí e vai xa para case 6 anos.

Ese cambio trouxo un antes e un despois no Centro. O relax foi a tónica dominante. Cambiaron os horarios e só abrían de tarde, seguían sen ofrecer actividades, os paneis interactivos e o módulo de vídeo fallaban, a dorna sofre un lamentable deterioro por falla dun adecuado mantemento, a limpeza baixou de nivel,..., facía falla máis persoal pero din que non hai presuposto...

Só as ganas que lle poñen os/as Guías diariamente para ofrecer ao visitante unha adecuada acollida e dar a información necesaria cos medios de que dispoñen, xunto coa instalación da tapadeira da Laxe do Crego na sala de Historia cun bo soporte gráfico e algunha actividade esporádica realizada cos nenos, é o que podemos sacar de positivo destes últimos anos do Centro de Visitantes.

Co Prux, esperabamos cambios e outra disposición da Consellería para mellorar e darlle vida a este Centro. A pandemia (2020), non nos deixou comprobalo. O interior do Centro estivo pechado ao público, sen embargo, vimos máis persoal traballando e ofrecendo actividades durante o verán, que hai que valorar moi positivamente, tendo en conta a profesionalidade dos guías e o coidado e as precaucións coas que as impartían.



En próximas entregas darei as miñas modestas e respectuosas ideas e suxestións para un mellor aproveitamento destas instalacións.



Arriba: Recreación da aula escolar.

Medio: Estado da dorna no patio exterior.

Abaixo: Tapadeira da Laxe do Crego.




VISITA Á ILLA (28/02/2021)

A desescalada e o bo tempo permitiu que os veciños de Ons puideran ir á Illa a botar unha ollada ás súas vivendas que, nalgúns casos, non o facían, por mor das inclemencias meteorolóxicas e polo confinamento, dende o verán pasado. Despois de comprobar que todo estivera ben, abrir as ventás para airear e preparar algo para o xantar, moitos decidiron dar unha volta polos arredores. Houbo quen escolleu a Ruta do Castelo e puido comprobar a cantidade de auga doce que discorre pola zona e vai dar ao mar sen aproveitala.

Sempre dixen que a Illa é rica en auga doce. Antes de facer os pozos de barrena, ata os veráns máis secos, todas as fontes tiñan auga. Aínda así, coido, que esa auga poderíase aproveitar, buscando ben as posibles vetas e realizando algún depósito, como o da Entenza, para en caso de necesidade, ter a onde recorrer.

Non son experto e non sei si será factible, pero, como digo sempre, facer algún tipo de estudo e comprobalo, tampouco é mala idea, despois xa se buscaría o xeito de aproveitar esa auga para uso doméstico ou para o que se coide conveniente.



THE ONS OBSERVER

1, 2 y 3 de septiembre de 2000

Una publicación fumeta, clandestina, muy esporádica y muy local


El onsmosapiens fumaba María

Encontradas por varios excursionistas pinturas rupestres que demuestran el uso de la María (canna - bis sativa) por los prime - ros pobladores de Ons.

La existencia de cortezas de pino utilizadas por los antiguos moradores a modo de filtrillo y grabados con palabras como: huy que globo teño!, mira como vou! y tou espesiño!, han sido datadas como perte - necientes al período Fumozoico, según las pruebas del Carbono 14.

Reconstrucción virtual del Onsmosapiens" fumandose un "Canutosapiens".

Bajo relieve tallado en ficha que simboliza al dios Col O'Con-xi.



actividades

viernes 1

21:30 h. Chan da Pólvora
Gran Canutada con vino y empanada amenizada por el trio La Escapada. Algunos podrán ver los fuegos artificiales u otras luces.

sábado 2

13:00 h. Playa de Melide
Todos en bolas, para conocer - nos, con bocata para el almuerzo. a las 16:00 h. siesta multitudinaria.

23:30h. Merenderos C.daP.
Macroconcentración de linter - nas, nada de petrogás ni cam - pingás; es decir, solo haz de luz direccional. Incluye perfor - mance de la internacionalme n - te conocida Anita Flowers .

domingo 3


8:30 h. Curro
A la salida del after Checho's unos minutos de oración en honor a María, María, María.

13:30 h. Buraco do inferno
Sacrificio voluntario de chinas y papelillos en honor al dios Col O'Con-xi.

19:00 h. Curro
Fumata finalis. Degustación del porro mas cargadito y premio al mejor liante XX-D.

el tiempo

por Juancho Colate



Mapa previsto pál finde: Brumas y nieblas matinales, con posibilidad de llluvias déviles bajo los eucaliptos de Chan da Pólvora, el resto del día viene Lorenzo, osea un solete que te cagas. En el mar calma chica y la temperatura del agua como culo de monja.

Las 8 normas del buen rollito

- 1- **Sonríe**, no dejes de hacerlo hasta abandonar la isla. :-)
- 2- **Comunícate**, hazlo como quieras pero comunícate, todos estamos de buen rollito. Ejem: ¡psss... tienes un papelillo!
- 3- **Conecta**. Repite tres veces (((ONNNNNSSSSSS)))
- 4- **Comparte** esas cosas que mas quieres. Ej: Humm, nos fumamos un canutito?.
- 5- **Relájate**, Repite (((ONNNNNSSSS))) tres veces mas.
- 6- **Tolera**. Recuerda que tus vecinos pueden hacer mucho ruido, únete. Es el último verano de la era genital y no olvides que aquí todos esta - mos de buen rollito.
- 7- **Tolea**: del vervo tolear, volverse tolo.
- 8- **Cuida**. Cuida todo, la naturaleza, las personas, todo. Recuerda que en todo momento, todo está cuidando de ti.

Guarda esta hoja o tirala a una papelera :-)

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Ten que ver co último Onstopus, precisamente co tema do Centro de Visitantes.

Un lector, moi vinculado co mundo cultural galego, envioume unhas fotos dos anos 70 s. XX. Dende aquela, el non visitara Ons e despois de ler os diferentes comentarios sobre este espazo no minixornal Onstopus, mandoume esta suxestión: “*Todas as fotos que estás reunindo son xa parte da historia, e no futuro aos descendentes dos habitantes de Ons gustaralles coñecer como eran e como vivían os seus antepasados. Quen sabe se algún día existirá en Ons un Museo de Investigación das Illas Atlánticas!! Seguro que moitos investigadores pasarían tempadas en Ons; o cal xeraría novas fontes de riqueza e incentivos de traballos científicos e culturais para as novas xeracións*”.

Recibidas as magníficas fotos, que pasaron a engrosar a nosa colección, aínda que, se nalgún momento son utilizadas, sempre se porá o nome do seu autor, e lidas as súas sabias palabras, pasei a informarlle da situación actual con respecto ao que el chama “*Museo de Investigación*”: *En Ons, dende 2011, xa hai, nas antigas escolas de Curro, un Centro de Visitantes o suficientemente espazoso como para albergar ese Museo e ese Centro de Investigación do que falas, pero, decidiron facer un Centro de Visitantes que, nun principio, ao non haber nada en Ons, pois era algo, pero, co tempo (este verán 2021 cumprirá 10 anos), está minimamente aproveitado e nos últimos 5 anos foi a peor. Dende o meu punto de vista fai falla un Técnico Especialista (sería ideal un licenciado en Historia, xa que case todos os traballadores de Parques son licenciados en Bioloxía) que, xunto con eles, fágao funcionar e se converta nun lugar activo, con ideas, con actividades, cunha mínima biblioteca,...., e non digamos cunha sala para axuda á investigación*”.

Lido o meu e-mail, contestoume: “*Tes toda a razón sobre a necesidade de que algún Licenciado en Historia se ocupe de atender ese Centro de Visitantes da Illa de Ons. É unha pena que non se dean conta do aspecto histórico e etnográfico de Ons. O prestarlle atención á fauna e flora é conveniente; pero nese aspecto Ons non posúe ningunha característica que non se atope noutro lugar das illas o do próximo Continente. Tampouco son conscientes de que gran parte da natureza desa illa débese ao sinal humano nese territorio ao longo da historia. E esa actuación humana estaba condicionada principalmente polas necesidades de subsistencia que determinaron a modificación da paisaxe con construcións, camiños, campos de cultivo, etc. Actividade que se modificaban ao longo do tempo e de acordo cos coñecementos das novas xeracións. En fin, ..., non vexo outra solución a ese descoñecemento da historia que seguir insistindo pois no fondo é un problema case de educación básica.*”

Que unha persoa do seu nivel cultural apoie unha teoría que levo e levamos en Pineiróns pedindo dende hai xa anos, fortalece e aléntanos a seguir reivindicando a figura dun **Técnico Cultural** (a ser posible licenciado en Historia) para a Illa de Ons, ou, polo menos, para todo o Parque Nacional.



Foto: Piorno do barrio de Caño no ano 1982. Veciños cargan o seu carro con materiais vexetais para estrume.

O mundo etnográfico e antropolóxico de Ons é un mundo descoñecido e importantísimo, e segue sen estudar. A Consellería xestora (Medio Ambiente) gasta cartos e esforzos nos aspectos medio ambientais, o que, dende logo, non desaprobamos, pero se iso trae como consecuencia o abandono histórico e etnográfico desta interesante Comunidade, demostra unha ineptitude nos políticos que xestionan o Parque Nacional das Illas Atlánticas, dito con todos os meus respectos.

ONS ARQUEOLÓXICA

“ARQUEOLOXÍA SUBMARINA (III)”

A Illa de Ons, está situada nun punto estratéxico dentro da costa galega. Esta circunstancia provocou que, ao longo dos séculos, por aquí houbera un trasfego de todo tipo de embarcacións, dende as dedicadas ao transporte de mercadorías ata as pesqueiras, pasando por aquelas que traían conquista, destrución, saqueo,...., o que evidentemente provocou enfrontamentos, refregas,...., sinistros, abordaxes,...., naufraxios. A zona marítima que circunda á Illa ten que estar chea de pecios e, polo tanto, de materiais arqueolóxicos ocasionados por eses afundimentos. Temos un coñecemento exíguo deles e é necesario investigar moito e facilitar esa investigación. Seguindo os traballos e libros xa relatados, sacamos que entre os anos que van dende o 1100 ao 1900, atopámonos cun bo número de barcos que afundiron nas proximidades do arquipélago das Ons. Entre eles podemos nomear: 1120 (tres barcos sarracenos). 1585 (nave corsaria a pique). 1604 (barco inglés). 1633 (nave berberisca). 1634 (barco pirata turco). 1799 (goleta corsaria). 1854 (barco Isabel). 1879 (mercante). 1885 (Virgen del Carmen). 1893 (San Juan Bautista). 1897 (Rosario). 1899 (Mercurio),... Faltan moitos máis que podemos atopar nos libros nomeados, pero basten estes para demostrar a importancia dos xacementos submarinos nestas illas.



CATEDRAL GASTRONÓMICA DE ONS

Os que chegamos a Ons moi mozos, quedamos engaiolados desa Illa e decidimos pasar alí as nosas vacacións estivais, tivemos que buscarnos a vida, pois os nosos petos estaban baleiros e só dependiamos da asignación que os nosos pais nos daban semanalmente. Como pasar en Ons todo o verán con esas circunstancias?

Pois varias situacións axudaron, ser un afeccionado á pesca submarina, atopar dúas familias illáns marabillosas, que aínda a agricultura fose parte da súa base económica de autoconsumo e ter a sorte de que nos deixaran unha vivenda para coidar, mentres arranxaban a súa nova vida no continente.

O escenario era perfecto, só faltaba algo importante, aprender a cociñar. Diso encargáronse as nosas "nais" illáns, das que aprendemos toda clase de receitas para preparar calquera tipo de peixe, cefalópodos e mariscos. Co paso dos anos, e coa práctica tamén durante o inverno, convertémonos en grandes cociñeiros que, de dedicarnos ao oficio, non habería estrelas Michelin para darnos.

Pero o conto non é autogabarse, senón a historia que, así, sen máis, xurdiu no ano 2012. Estando nun dos apartamentos que alugamos en Ons, mesmo enriba da cociña había unha lousa cun reloxo onde, dispoñendo de xiz, podías escribir algunha nota. Dende o primeiro día, de broma, anotabamos o menú do día seguinte e, dende logo, esmerabámonos e que todo saíra ben. Paseniñamente, os invitados decidiron aportar as súas ideas culinarias, e así cada día convertíase nunha exquisitez gastronómica. Un día, pola mañá, que estabamos xa á faena, comprobamos que todos os que pasaban a carón do apartamento, paraban e miraban para a porta e logo con ou sen disimulo, tamén pola ventá da cociña a ver que estabamos a facer. Tanto nos chamou a atención que saímos a ver que coño miraban na porta, e xusto onde estaba o letreiro que nomeaba ao apartamento, que chamábase Caniveliñas, puxeran, tapándoo, outro letreiro moi ben feito que poñía: <CATEDRAL GASTRONÓMICA>. E así lle quedou ao aloxamento que, dende logo, durante todo o mes de xullo que alí estivemos, niso se converteu.

Nunhas cantas entregas deleitaremosol coas receitas desa Catedral.

Spondyliosoma cantharus

Nome científico da coñecida en Ons como <Chamisa>.

Noutros puntos coñecese como Petaraña, Choupa, Peta, Breca, Pancha,...

Os adultos poden medir 59 cm e alcanzar os 2 kg de peso. Ten o corpo moi comprimido lateralmente. É de cor gris pardo cunhas listas lonxitudinais amareladas. A súa carne é apreciada aínda que non é tan saborosa como a do Sargo, a quen se parece moito.



CHAMISAS AO FORNO

Ingredientes: 4 persoas


- Tres chamisas
- Dúas cebolas grandes
- Pementos verde e vermello
- Pemento doce
- Allo
- Loureiro
- Caldo de peixe
- Aceite
- Sal

Fotos:

Esquerda: Lousa onde se anotaba o menú día seguinte.

Centro: Chamisas arranxadas para meter ao forno.

Dereita: Chamisas feitas, despois de 30 minutos.



PREPARACIÓN:

<CHAMISAS AO FORNO>

Os pasos son os seguintes:

- 1º.- Cortamos as cebolas en círculos máis ben finos.
- 2º.- Poñémolas de fondo na bandexa do forno ou nunha fonte, cun pouco de fondo, enriba da bandexa.
- 3º.- Encima das cebolas as patacas cortadas finas e tamén en círculos. Poden ir crúas ou fritidas previamente.
- 4º.- Ás <chamisas> fánselle uns cortes ao ancho polos dous lados e métese neles allo cortado fino e un anaco de loureiro. Tamén dentro, na zona que limpamos.
- 5º.- Situámolas na bandexa ou fonte enriba das patacas
- 6º.- Nos ocos que van quedando, imos engadindo as tiras de pementos verde e vermello. Tamén poden ir en cru ou fritidos antes. (Hai quen tamén poñen anacos de tomate).
- 7º.- Sobre as <chamisas>, vértese un pouco de caldo de peixe e posteriormente espolvoreamos un pouco de pemento, doce ou picante, ao gusto, para darlle un toque de cor.
- 8º.- E xa por último un bo chorro de aceite de oliva por riba do peixe, que xunto co caldo farán logo o prebe.
- 9º.- Só queda metelo no forno, 180º, e arredor de 30-40 minutos.